

## Caravana de concentracións polos hoteis de Vigo.



Comezamos a 4ª semana de mobilizacións cunha caravana de concentracións polos hoteis de Vigo e Coruña demandando a readmisión das 23 traballadoras despedidas do Hotel Baía de Vigo??.

O Director deste hotel, lonxe de achegarse a negociar unha solución, respondeu con ameazas de "peche patronal" e despedir ao resto do persoal, con denuncias por "agresión sonora" e encomendándose ao acoso policial ás traballadoras concentradas cada día na porta do hotel. Para aumentar a presión sobre o Hotel Baía, Nortempo e mandarlle unha mensaxe clara ao Director do hotel, ampliamos o campo de acción a todos os hoteis de Vigo que pertencen á federación de hoteis que preside o mesmo director. Non haberá tregua ata que readmitan ás traballadoras despedidas subrogandolas así a nova contrata de limpeza, Nortempo.

Ademais grazas ao apoio das e os compañeiros de CGT A Coruña estendemos a protesta a hoteis desta outra cidade galega onde Nortempo ten contratos de limpeza.

A cada ameaza ou agresión respondemos con máis mobilizacións ata que consigamos as readmisións.